


Consumo Dixital: Riscos e Boas Prácticas nas Compras Online

O comercio electrónico ten experimentado un crecemento exponencial, transformando os nosos hábitos de consume. Mais esta evolución trae consigo novos riscos que debemos coñecer para protexernos na contorna dixital.



Principais riscos

Robo de identidade

A filtración de datos persoais e bancarios pode levar ao uso fraudulento da nosa información, causando graves perxuizos económicos e administrativos.

Tendas falsas

Sitios web que imitan comercios lexítimos con ofertas inusualmente atractivas para captar vítimas e desaparecer tras o pago. .

Redes inseguras


O uso de Wi-Fi públicas sen protección expón os nosos datos a interceptacións durante transaccións online

Reseñas falsas

Opiniós manipuladas que distorsionan a confianza e nos levan a tomar decisións baseadas en información fraudulenta



Verificación do CIF/NIF e Domicilio do Responsable Legal



¿Por que é importante verificar?

- O CIF/NIF identifica fiscalmente á empresa ou persoa responsable da web
- O domicilio legal debe estar claramente visible e rexistrado oficialmente
- Estes datos son esenciais para interpoñer reclamacións
- Permiten verificar a existencia real e legalidade do negocio

A ausencia desta información é un sinal de alarma que debe facernos desconfiar inmediatamente.

Onde atopar a Información Legal da Páxina Web



Sección "Aviso Legal"

Busca no pe da páxina enlaces a "Aviso Legal", "Términos e Conditions" o "Quénes Somos". Debe incluír nome completo, NIF, dirección física e datos de contacto.



Verificación de seguridade

Comproba que a URL comence con https:// e amose unha icona de cadeado. Estes elementos indican que a conexión está cifrada e é segura.



Rexistros oficiais

Co CIF/ NIF ou o nome da empresa, podes verificar a súa existencia no Rexistro Mercantil ou na Axencia Tributaria.

Plazos de Desistimiento en Compras Online



14

Días naturais

Prazo legal para exercer o dereito de desistimento dende a recepción do produto, sen necesidade de xustificar a decisión.

0

Custos adicionais

Non se poden aplicar penalizacións por exercer este dereito, aínda que a persoa consumidora podería asumir os gastos de devolución.

Lembra: Existen excepcións para produtos personalizados, bens perecedeiros, contidos dixitais descargados e artigos de hixiene unha vez abertos.

Conclusión y Recomendaciones Finales



Mercar online é seguro si se toman as precaucións axeitadas e se se coñecen os dereitos que nos protexen como persoas consumidoras.

- Verifica sempre a identidade legal da tenda antes de mercar
- Coñece os teus dereitos de desistimento e devolución
- Utiliza medios de pago seguros e redes protexidas
- Se tes dúbidas, consulta con nós ou con outros organismos de protección da persoa consumidora

